

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

29 - 30 de xaneiro do 2022

IV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

No Evanxeo de hoxe contemplamos como son os propios veciños de Xesús os que o rexeitan porque non entenden que un deles poida ser distinto, diferente, o que trae a Boa Nova de Deus.

A primeira conclusión á que temos que chegar é non ser coma eles: aceptar a Xesús, que quere compartir con nós a vida, e aprender a respectar a todos, aínda que non entendamos a súa forma de ser ou de vivir.

Outro tema a ter presente na nosa celebración é que hoxe é a “Xornada da paz e a non violencia”. Que cando escoitemos na Eucaristía as palabras de Xesús “*déixovos a paz, douvos a paz*” saibamos que quere de nós que sexamos os seus mensaxeiros de paz para con todos, e máis nestes días que temos ante nós outro conflito internacional en Bielorrusia.

Deixemos que a paz e o respecto a todos sexan os que guíen os nosos pasos para que poidan mostrar o amor de Deus nas nosas accións de cada día.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Deus espera de nós que sexamos as súas testemuñas no mundo de hoxe, pero os nosos actos non sempre están a altura desta esixencia. É por iso polo que queremos comezar pedindo a misericordia de Deus.*

Monitor/a:

✓ Cando o fracaso e a frustración queiran aniñar en nós. **SEÑOR, ÉNCHENOS DE ALENTO.**

✓ Cando a comodidade e a falta de compromiso nos invadan. **CRISTO, ÉNCHENOS DE ALENTO.**

✓ Cando cedemos á tentación de deixar morrer a fe, a esperanza e o amor. **SEÑOR, ÉNCHENOS DE ALENTO.**

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan nin respecto, nin comprensión nin paz nas súas vidas. A todos nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus todopoderoso e eterno,
dirixe a nosa vida conforme ao teu amor,
para que, no nome do teu Fillo,
poidamos dar froito abundante de boas obras,
por Cristo, que vive e reina
por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na carta de S. Paulo escoitaremos como o fundamento da vida dos crentes son a fe, a esperanza e o amor. No Evanxeo vemos como Xesús é rexeitado polos seus veciños polo seu testemuño, pero El non cala, non se acovarda e continúa coa súa misión de predicar a Boa Nova para todos.*

Leccionario I C páx 180 1 Cor 13, 4-13 LECTURA

LECTURA DA CARTA DE PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

O amor é de corazón grande, é servicial. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; non é malcriado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade.

O amor desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre.

O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. Porque a nosa ciencia é limitada e limitada é a nosa inspiración: e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado. Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno. Igualmente: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto; pero daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min. En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

Palabra do Señor

♪ 50 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) *Lec I C páx 182* Lc 4, 21-30 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela empezoulles a dicir Xesús na sinagoga da súa vila:

- Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

E todos se lle puxeron á contra, estrañados polas palabras de graza que saían da boca del. E dicían:

- Pero non é este o fillo de Xosé?

El díxolles:

- Seguramente me recordaredes aquel refrán: Médico, cúrate a ti mesmo; todo canto oímos que fixeches en Cafarnaúm, faino aquí na túa terra.

Pero el continuou:

- Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. Tede por seguro que no tempo de Elías había moitas viúvas en Israel, cando o ceo estivo pechado durante tres anos e seis meses e unha grande fame anegou todo o país; e a ningunha delas mandaron a Elías, senón a unha muller viúva de Sarepta, en Sidón. E moitos gafos había en Israel no tempo de Eliseo, o profeta, e a ningún deles curou, fóra de Naamán, o sirio.

Oíndo estas cousas, todos os que estaban na sinagoga puxéronse feitos unhas feras; así que, erguéronse, botárono fóra da vila, levárono ata o alto do monte no que está edificada, coa intención de o precipitaren embaixo. Pero el botou a andar polo medio deles e marchou.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



No Evanxeo de hoxe Xesús atopa a oposición dos seus propios veciños, porque nel non miran máis que o fillo do carpinteiro, un ninguén.

Ás veces tamén os nosos tempos son así, e o de fora e o de lonxe sempre é mellor que o noso. Énos foi facil encasillar á xente e non aceptamos que nos poida sorprenden porque nunca poderá ser máis do que nós temos na nosa cabeza.

Ata nos pasa coas Tanxugueiras, se foran de lonxe habíamos de valoralas máis. Se cantaran en español ou en inglés habían ser mellores. O mesmo que a Xesús.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Profesar a fe é asentir con toda a vida que acreditamos nos feitos e palabras de Xesús e recoñecémolo como irmán noso e mensaxeiro da Paz para todo o mundo. Dicimos:*

♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
que fixo unha Alianza con Israel, que está disposto a renova-la con nós en cada tempo e lugar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
a Palavra definitiva de Deus Pai, o enviado para anunciar a Paz e a igualdade de todas as persoas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos axuda coma mestre no noso interior para descubrir a vontade de Deus para a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa,
a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer nosa a misión e a vida de Xesús, e que con El nos sabemos chamados a dar resposta a a todos os que sofren e son rexeitados por ser diferentes?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Despois de escoitar a túa voz, abrimos o noso corazón a compartir o que nos ilusiona e tamén canto nos preocupa, dicindo xuntos:*

GÁRDANOS NA TÚA PAZ, SEÑOR

Monitor/a:

✓ Para que desde a Igrexa aprendamos a vivir o noso testemuño desde a fe en Ti, a esperanza na unión de todos e o amor na entrega xenerosa cara aos demais. Recemos xuntos

✓ Para que saibamos vencer a tentación de caer en comportamentos que só buscan aproveitarse dos demais, e non entender que o amor sen xustiza e solidariedade non é máis que mentira. Recemos xuntos

✓ Polos que camiñan na vida sementando boa nova, anunciando liberación, proclamando a liberdade, para que sintan o gozo de estar asociados á misión de Cristo. Recemos xuntos

✓ Polas persoas que non dubidan en dar a cara e a vida polos demais, polos que non se atreven a acoller aos refuxiados e respectar aos diferentes. Recemos xuntos

Celebrante: *Señor, dános o valor de facer nosa a túa misión, dános a coraxe de tomar partido por quen espera a Boa Nova do Evanxeo vivido. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Coma Xesús queremos ser profetas dun mundo mellor, queremos manter esperanza aínda que ás veces custa, queremos proclamar que Deus Pai segue á nosa beira. Rezamos confiados*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Dános a túa paz Señor e fai que saibamos transmitila a tantas persoas que viven sen ela compartindo o teu amor con todos os que precisan de axuda e dunha palabra de ánimo. Que non nos canse dar unha man, porque as nosas tamén son necesarias. Valen a pena. Fagámolo.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Xesús é rexeitado polos seus veciños de Nazaret. Que a nosa participación na mesa de Xesús sexa un compromiso real de querer estar unidos a El e aos irmáns, en especial dos rexeitados pola sociedade e os que non son respectados.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55 No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, asiste con bondade ao teu pobo.
Ti que nos enriqueces con esta xuntanza de amor,
fai que este compartir nos axude para a salvación
e nos faga medrar coma mensaxeiros de paz
con Xesucristo, noso Señor,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

A Palabra de Deus é espírito e vida.

Non teñamos medo a dicir o que a fe, a esperanza e o amor nos esixen neste momento difícil da sociedade.

Soamente así tamén nós poderemos ser espírito e vida para os outros, os que precisan de nós.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

XESÚS É REXEITADO ENTRE A SÚA XENTE



**NÓS QUEREMOS TELO COMA IRMÁN
Á NOSA BEIRA**

Así nolo ensina o evanxeo de hoxe.

